

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

3830 Orde INT/607/2015, do 27 de marzo, pola que se modifica a Orde INT/3543/2007, do 29 de novembro, pola que se modifica e determina o modelo, contido e formato da guía de circulación para explosivos e cartuchería metálica, e se ditan instrucións para a súa confección.

Mediante a Orde PRE/1263/2009, do 21 de maio, pola que se actualizan as instrucións técnicas complementarias números 2 e 15 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, traspúxose a Directiva 2008/43/CE da Comisión, do 4 de abril de 2008, pola que se establece, consonte a Directiva 93/15/CEE do Consello, un sistema de identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís e se impón a obriga de que todas as persoas físicas ou xurídicas en posesión de licenza ou autorización para a fabricación, almacenamento, transferencia ou importación e comercialización de explosivos deben marcar os explosivos e cada unha das unidades de envase máis pequenas cunha identificación única ou clave de identificación.

A disposición transitoria única da Orde PRE/1263/2009, do 21 de maio, na redacción dada pola Orde PRE/2035/2012, do 24 de setembro, pola que se modifica aquela, establece que a partir do 5 de abril de 2015 todos os explosivos comercializados e utilizados deberán incorporar o novo tipo de marcación.

A obriga de marcar cada unha das unidades de envase máis pequenas de explosivos nalgúns casos supón a incorporación dunha gran cantidade de datos na guía de circulación para explosivos e cartuchería metálica, regulada na Orde INT/3543/2007, do 29 de novembro, pola que se modifica e determina o seu modelo, contido e formato, e se ditan instrucións para a súa confección, na cal se deben cubrir numerosos anexos.

Co fin de que a consignación dos datos relativos ao número de identificación da epígrafe correspondente á descrición completa da mercadoría da citada guía de circulación se leve a cabo de forma considerablemente máis áxil, mediante esta orde posibilitase que estes se recollan e almacenen por medios telemáticos e/ou informáticos, coas debidas garantías de confidencialidade, integridade e autenticación.

Esta orde someteuse ao trámite de información pública previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e recibiu o informe favorable da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde INT/3543/2007, do 29 de novembro, pola que se modifica e determina o modelo, contido e formato da guía de circulación para explosivos e cartuchería metálica, e se ditan instrucións para a súa confección.

O artigo 3 da Orde INT/3543/2007, do 29 de novembro, pola que se modifica e determina o modelo, contido e formato da guía de circulación para explosivos e cartuchería metálica, e se ditan instrucións para a súa confección, queda redactado nos seguintes termos:

«A guía de circulación para explosivos e cartuchería metálica confeccionarase de acordo coas instrucións que se prevén no anexo II.

A consignación dos datos relativos ao «N.º Identificación» da epígrafe «Descrición completa da mercadoría» do anexo I poderase realizar, así mesmo, mediante a súa recollida e almacenamento por medios telemáticos e/ou informáticos que garantan a súa confidencialidade, integridade e autenticación».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.26.^a da Constitución española, que outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre o réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o director xeral da Garda Civil para actualizar o contido dos anexos da Orde INT/3543/2007, do 29 de novembro.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de marzo de 2015.– O ministro do Interior, Jorge Fernández Díaz.